

ADENDA

ONDE SE EXPLICA A MECÁNICA DA MATERIA DE *EPVA* POR CURSOS DURANTE AS ÚLTIMAS SEMANAS DO MES DE XUÑO.

Pasada a 3ª avaliación, e ata a celebración da avaliación final, o alumnado verá alterada a marcha da programación co obxectivo de mellorar a nota e chegado o caso superar a materia se estivese suspendida, do seguinte xeito:

1º ESO

Para o alumnado coa materia **suspendida** na 3ª avaliación farase fincapé nas unidades didácticas *Lectura da imaxe, Paralelas e indicadores de profundidade e Canon da figura humana, Rallolas*. Do éxito nelas dependerá o aprobado final.

Para o alumnado coa materia **superada** na 3ª avaliación repetiremos o mesmo exercicio que para o caso dos/as que suspenderon, como non pode ser doutra maneira se queremos que a clase leve unha marcha coherente, a actividade docente non se vexa interrompida e todo o alumnado sexa atendido como merece. Iso si, co obxecto de lograr a posibilidade de superar a cualificación da 3ª avaliación e para incentivar o traballo, o resultado final deberá ter un nivel de esixencia maior do esixido para o alumnado do grupo de suspendidos na 3ª avaliación. O resultado deste exercicio pode supoñer subir a nota na avaliación de final de curso.

3º ESO

Para o alumnado coa materia **suspendida** na 3ª avaliación farase fincapé nas unidades didácticas *Perspectiva cabaleira e isométrica*, incluíndo a variante da militar, *transformacións xeométricas e Banda deseñada*, no referido á

composición de escenas e puntos de vista. Do éxito nelas dependerá o aprobado final.

Para o alumnado coa materia **superada** na 3ª avaliación repetiremos o mesmo exercicio que para o caso dos/as que suspenderon, como non pode ser doutra maneira se queremos que a clase leve unha marcha coherente, a actividade docente non se vexa interrompida e todo o alumnado sexa atendido como merece. Iso si, co obxecto de lograr a posibilidade de superar a cualificación da 3ª avaliación e para incentivar o traballo, o resultado final deberá ter un nivel de esixencia maior do esixido para o alumnado do grupo de suspendidos na 3ª avaliación. O resultado deste exercicio pode supoñer subir a nota na avaliación de final de curso.

4º ESO

Para o alumnado coa materia **suspendida** na 3ª avaliación farase fincapé nas unidades didácticas *Aplicación de enlaces, Perspectivas das vistas, Tipografía e Prisma paquete*, onde traballamos conceptos de deseño gráfico. Do éxito nelas dependerá o aprobado final.

Para o alumnado coa materia **superada** na 3ª avaliación repetiremos o mesmo exercicio que para o caso dos/as que suspenderon, como non pode ser doutra maneira se queremos que a clase leve unha marcha coherente, a actividade docente non se vexa interrompida e todo o alumnado sexa atendido como merece. Iso si, co obxecto de lograr a posibilidade de superar a cualificación da 3ª avaliación e para incentivar o traballo, o resultado final deberá ter un nivel de esixencia maior do esixido para o alumnado do grupo de suspendidos na 3ª avaliación. O resultado deste exercicio pode supoñer subir a nota na avaliación de final de curso.